



SEMINARIO

“Oportunidades de financiamento en proxectos colaborativos nas convocatorias 2018 de H2020”

Luns, 26 de xuño 2017

Salón de actos do edificio CICA, Campus Elviña, Coruña

INTRODUCCIÓN

A xornada ofrecerá unha panorámica dos piarezas 2 - Liderado industrial e 3 - Retos sociais do **Programa Cadro** da Unión Europea para investigación e innovación, **Horizon 2020**, a partir da **revisión dos novos programas de traballo** para o período 2018-2020, con especial atención ás **prioridades temáticas para as convocatorias do ano 2018**.

PROGRAMA

- 09.00 – 09.15** Recepción e rexistro de asistentes.
- 09.15 – 09.30** Presentación e introdución á xornada.
Relator: OTRI – UDC.
- 09.30 – 10.30** Aspectos esenciais do programa H2020 para o período 2018/20120.
- Orientación da Comisión Junker e ‘focus areas’ na 2ª metade do H2020.
- Elaboración das prioridades de investigación (topics).
- Novos actores do I+D europeo: axencias executivas, EIT, KICs, EIP, PPP; roles e interacción.
- Resumo dos principais aspectos de procedemento no H2020: regras de participación, custos elixibles, etc.
Relatora: Dra. Marina Martínez, CDTI (Oficina SOST – Bruxelas).
- 10.30 – 11.00** Avaliación de proxectos colaborativos no programa H2020.
Relator: Dr. Octavio Pernas Sueiras, OTRI – UDC, experto avaliador H2020.
- 11.00 – 11.15** Pausa



- 11.15 – 13.45** Prioridades nos Programas de traballo de H2020 para o período 2018/20120:
- Revisión das distintas árees dos piares 2 e 3, con énfase nas novidades previstas para a convocatoria 2018.
Relatora: Dra. Marina Martínez, CDTI (Oficina SOST – Bruxelas).
- 13.45 - 14.00** Conclusións da xornada
Relator: Lluís Botifoll, consultor externo (Mon Progres) e OTRI – UDC.

BREVE CV DA RELATORA

A Dra. Marina Martínez é persoal destacado do CDTI (Centro de Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial) na oficina desta entidade en Bruxelas (oficina SOST, Spanish Office for Science and Technology), onde centra as súas actividades no programa H2020 e iniciativas afíns de I+D+i, sendo responsable das árees de Seguridade e Transporte, e prestando apoio aos programa de Espazo, Medio Ambiente e Bioeconomía de H2020.

A Dra. Martínez encárgase da organización das actividades dirixidas ás delegacións rexionais en Bruxelas en temas de programas europeos de I+D, así como nas oportunidades para as Pemes en temas de innovación. Tamén actúa coma coordinadora do programa de especialización de xestores europeos que o CDTI desenvolve na SOST.

Anteriormente traballou no sector privado, no ámbito das aplicacións e produtos de observación da terra, e foi docente e investigadora na Universidade Politécnica de Cataluña (UPC) durante doce anos. Antes de formar parte de CDTI, a Dra. Martínez foi subdirectora académica do Instituto de Xeomática, centro de investigación consorciado entre a UPC, o Instituto Cartográfico de Cataluña e a Generalitat de Cataluña.

Prégase **confirmación de asistencia** por medio dun **correo electrónico** dirixido a otri.aula@udc.es antes do xoves, 22 de xuño, 2017 ás 14.00 horas.

Coa colaboración de:

